

A OURIVERÍA NA IDADE DO BRONCE¹

Aurelia Balseiro

RESUMO

Percorrido pola ourivería do Noroeste peninsular na Idade do Bronce con referencia ós metais e a metalurxia en xeral incidindo tamén na tecnoloxía do ouro e na contextualización e significado das pezas e analizando en particular as xoias do Museo Provincial de Lugo adscritas cultural e/ou cronoloxicamente a este período.

Resumen

Recorrido por la orfebrería del Noroeste peninsular en la Edad del Bronce con referencia a los metales y a la metalurgia en general incidiendo también en la tecnología del oro y en la contextualización y significado de las piezas y mencionando en particular las joyas del Museo Provincial de Lugo adscritas cultural y/o cronológicamente a este período.

1.- OS METAIS E A METALURXIA NA IDADE DO BRONCE

A maioría dos metais non se encontran na natureza en estado puro, así os minerais ricos en cobre acostuman a ter impurezas de ferro, chumbo, arsénico, etc., e o bronce é unha aliaxe. Por iso é necesario o dominio dunha ciencia que posúa unhas técnicas e coñecementos para en primeiro lugar fundir eses materiais e conseguir separa-los seus compoñentes, a continuación practica-las aliaxes e logo elabora-los obxectos metálicos desexados. Coa primeira manipulación dos metais aparece a metalurxia e o estudio da súa orixe e evolución achéganos ó coñecemento de moitos aspectos das sociedades prehistóricas. O paso do tempo aumenta o nivel de coñecementos transmitidos por varias xeracións, a experiencia acumulada, etc. contribuíndo a unha especialización dos artífices que se distinguirán na escala social debido a que os obxectos que xeran son de gran transcendencia para a comunidade/s na que traballan.

1 Este artigo foi a base dunha conferencia impartida en abril do 2003 no marco do curso “Arte Galega” organizado polo Museo Provincial de Lugo, vaia de novo o meu agradecemento a Fernando Arribas e Ofelia Carnero.

Os metais tiveron tal transcendencia na prehistoria que deron nome ás súas secuencias cronolóxico-culturais sendo C. J. Thomsen o primeiro en clasificar en 1819 os materiais do Museo de Copenhague en tres períodos sucesivos que indicaban distintos estadios tecnolóxicos: Idade de Pedra, Idade do Bronce e Idade do Ferro.

Trala Idade de Pedra (Paleolítico e Neolítico) viría cronoloxicamente a Idade dos metais que se desenvolve en función da aparición do cobre, do bronce e do ferro. Coa Idade do cobre, ou Calcolítico (calcós = cobre, litos = pedra, pola convivencia de ambos) datado dende fins do III milenio a. C. ata o comezo do II milenio a.C. (aprox. 2500-1900/1800 a.C.), este é o metal predominante. Tralo descubrimento dun metal producto da aliaxe do cobre co estaño o seguinte período denomínase Idade do Bronce porque este metal, máis forte e duradeiro có ata entónces máis usado, o cobre, imperará. Coa introducción do ferro na península Ibérica arredor do s. VIII a. C., este metal substituirá ó anterior e dá lugar á Idade do Ferro que para a área do Noroeste se converterá na Cultura Castrexoa desenvolvéndose ata a romanización.

Os primeiros metais traballados foron o ouro e o cobre porque aparecen en estado nativo e poden beneficiarse case directamente, non como a prata, por exemplo. Cando hai 3.000 anos en Europa se empezaron a utilizar e a traballar cos metais, no Próximo Oriente xa nos avantaxaban, pero non por isto se abandonan os útiles de pedra, óso e madeira ata entónces predominantes. A tópica secuencia cronolóxica dos metais vai substituíndo o cobre polo bronce e este polo ferro debido á súa progresiva e maior resistencia na construción de obxectos, pero a sucesiva aparición de cada un deles non supón o absoluto abandono dos anteriores senón que conviven harmoniosamente polo menos durante un tempo.

Isto é só un exemplo da importancia dos metais, o estudio da evolución da metallurxia é o estudio da prehistoria dado que a aparición de cada un dos metais mencionados supoña unha verdadeira revolución cultural e social. Pero o metal rei ó longo do tempo, aquel ó que non afectan os cambios é o ouro, o único que aparece en estado puro na natureza. Para conseguilo non lle é alleo ó home prehistórico a súa localización e extracción alí onde abundara, aínda que en época prehistórica os sistemas de obtención foran artesanais, a cantidade de materia prima conseguida abastecía a demanda existente; a extracción industrial chegará só coa conquista romana. O ouro foi sempre, e é, un dos metais más desexados polo home desde tempos remotos e un dos primeiros en ser traballados.

Pero despois destas verbas introductorias imos a centrarnos xa na Idade do Bronce:

IDADE DE BRONCE

- | |
|--|
| BRONCE INICIAL: 1900 / 1800 a 1500 a.C.
BRONCE MEDIO: 1500 a 1300 a.C.
BRONCE FINAL: 1300 / 1200 a 700 a.C. |
|--|

A **Idade do Bronce** entendida como un período cultural e cronolóxico caracterizado polo emprego do bronce, non deixa á marxe o ouro, así, constátase unha importante ourivería no noroeste peninsular que ten unha característica esencial e é o seu parale-

lismo con outras manifestacións similares por toda a fachada atlántica europea. O estudo da ourivería da Idade do Bronce encádrase igualmente no da metalurxia e as súas secuencias temporais manteñen as datacóns referidas ó Bronce Inicial (1900/1800- 1500 a.C.), Bronce Medio (1500-1300 a.C.) e Bronce Final (1300/1200-700 a.C.). A pesar de ser bastante discutidas estas periodizacóns resultan moi operativas e a elas nos referiremos.

- Durante o **Bronce Inicial ou Antigo** na metalurxia non se aprecian cambios significativos con respecto á etapa calcolítica precedente, a continuidade é a norma pero pouco a pouco irase consolidando o bronce. A panoplia metálica nesta etapa ten puñais, espadas, alabardas, machadas e puntas de frecha e en ourivería aparecen arames espiraliformes de ouro e prata como as espirais de prata de Antas de Ulla (Lugo) e a espiral e placa de ouro da mámoa 5 da necrópole do Marco do Camballón (Oirós), diademas ou plaquiñas laminadas, gargantillas de tiras como as da Golada (Pontevedra) ou as de Monte dos Mouros (Toques, Lugo) e en Portugal a de São Bento de Baluagães (Minho). Case todos estes obxectos proceden de contextos funerarios: enterramentos colectivos ou individuais, ou de achados casuais descontextualizados. A produción ourive é homoxénea, a súa finalidade é eminentemente ritual e predomina tamén a simplicidade tipolóxica e técnica.
- No **Bronce Medio** consólidanse os enterramentos individuais en cista con enxovais líticos e metálicos. A ourivería continúa coas formas relacionadas anteriormente no Bronce Inicial ou Antigo, ás que se engaden obxectos áureos especiais pola súa rareza como o peite e os vasos do depósito de Caldas de Reis (Pontevedra), estes últimos parecen influenciados por modelos cerámicos.
- O **Bronce Final** é a etapa do apoxeo dos intercambios e relacións comerciais coa fachada atlántica europea e tamén co mundo mediterráneo. Estamos nun momento de transformacións sociais e económicas que contribúen ó despegue tecnolóxico e ós mencionados intercambios, estes aumentan ó igual que se incrementa a produción metalúrxica, desta forma a distribución xeográfica das pezas é maior. Os obxectos de bronce diversifican as súas formas e aparecen aliaxes ternarias (cobre, estaño e chumbo), un dos más característicos desta etapa son os caldeiros de chapas de bronce, e dentro das armas aparecen como novidade as puntas de lanza e certas espadas. Tamén os obxectos áureos experimentan cambios tipolóxicos. Nesta fase predominan os depósitos metálicos de bronce (sobre todo machadas) ou de ouro (Caldas de Reis) que se interpretaron de dúas maneiras: unha profana, como acumulación de riqueza ou obxectos de valor para a súa reutilización ou intercambio en relación cun proceso de mercantilización da ourivería e outra más sagrada en relación con ritos votivos ou ofrendas. Dentro destes depósitos abandonados intencionadamente tamén se encontran os achados de armas en contornos fluviais (sobre todo espadas). Esta nova variable sagrado *versus* profano non é tan radical senón que as fronteiras entre ambas están moi diluídas e implica un cambio nos procesos socioculturais posto que se entendémo-los depósitos como rituais de ofrenda teríamos que falar do **ouro dos deuses** mentres que ata agora estabamos constatando un **ouro dos mortos**. Outra característica do Bronce Final é a aparición do ouro fundido con cobre intencionadamente e a aparición de material semielaborado para almacenar en forma de lingotes ou barras macizas, alambres,etc. Tecnicamente aparecen novidades importantes como a soldadura e o baleirado á cera perdida.

Todas estas cuestiós lémbraños que a sociedade da Idade do Bronce tecía unhas redes de intercambio de productos e coñecementos e os seus enterramentos individuais e os obxectos metálicos que alí depositan: puñais, machadas, adornos... concibidos como bens de prestixio, reflecten unha sociedade xerarquizada e o que se deu en chamar “economías de bens de prestixio”.

Finalizando a Idade do Bronce aumenta a produción metalúrxica dentro dunha trama de cambios socioeconómicos onde tamén se constata o control das elites das vías de circulación polas que se intercambia o metal, aparecen alianzas suprarexionais interdependentes ligadas ó control da produción e da circulación do metal e curiosamente asistimos no rexistro arqueolóxico á progresiva aparición de máis poboados ca enterramento, ó contrario ca nas etapas anteriores. Todo isto determinará novos cambios e a aparición da Idade do Ferro a principios do I milenio a.C., a pesar de que o ferro propriamente dito non sexa un metal abundante durante os séculos IX-VIII a. C., afiánzanse os novos asentamentos en poboados fortificados, a complexidade social, a existencia de elites controladoras do poder e/ou riqueza. En principio, os obxectos de ferro son elementos esporádicos considerados como exóticos e dada a súa relativa escaseza, tamén bens de prestixio. Non obstante, despois da Idade do Bronce non se produce unha ruptura repentina coa chegada da Idade do Ferro senón que continuarán as tradicións metalúrxicas do Bronce e engadiranse outras correntes técnicas, que terán a súa maior representatividade na filigrana e o granulado, e estéticas: novas formas e amplo repertorio tipolóxico ó tempo que se intensifica o proceso de mercantilización da ourivería.


A metalurxia do ouro ten a suficiente entidade para ser tratada de forma individual aínda que o seu estudio estea vinculado, sobre todo nas etapas iniciais da metalurxia, ó resto dos metais. Ademais a súa produción presenta, xa desde os seus comezos, unha variedade tipolóxica maior. Con respecto ó noroeste peninsular apareceron láminas, lúnulas, discos, espirais simples ou en cadea, aros, doas macizas, brazaís de arqueiro, cilindros, gargantillas de tiras, apliques, etc... sendo todas estas pezas áureas consideradas como ítems de prestixio e as súas formas denotan unha desviación cara ó adorno que non posúen outros metais como o bronce ó destinarse fundamentalmente á fabricación de armas e/ou ferramentas de traballo. Por isto algúns autores separan os artefactos de tipo sociotécnico dos ideotécnicos entre os que se encontran os adornos, de carácter cultural ou simbólico-relixioso. Se consideramos as peza áureas como insignias de rango é lóxico pensar que a súa produción estea controlada ó igual cós intercambios comerciais e, en consecuencia, a actividade metalúrxica será considerada socialmente como unha importante fonte de recursos, para a que se organizarán determinadas zonas de traballo (obradoiros), etc. e se especializarán determinadas persoas.

2.- O OURO E A SÚA TECNOLOXÍA

Entendemos por tecnoloxía no só un conxunto de técnicas senón un fenómeno social complexo no que participan aspectos materiais, sociais e simbólicos nunha complexa trama de asociacións. Entre os aspectos simbólicos hai que destaca-lo compoñente ritual da tecnoloxía como elemento coordinador da organización social da produción (Perea, 1995:71).

Dado que a tecnoloxía iría máis alá do estudio das propias técnicas primeiro estableceremo-la forma de obtención da materia prima. En función da proverbial riqueza aurífera do noroeste peninsular constatada por numerosos autores clásicos e evidenciada pola abundante produción áurea prehistórica, os recursos auríferos están relativamente próximos, pero esta proximidade da materia prima non evita a existencia dunhas redes de distribución que puideran aproveitarse tamén para a comercialización dos produtos. Por outro lado, estas redes de intercambio suxiren un control económico que só podería levarse a cabo nunha sociedade complexa que abarque e controle os seus propios recursos.

A explotación do ouro en época prehistórica é artesanal e baséase no aproveitamento dos depósitos secundarios das terrazas dos ríos, estes praceres fluviais móbiles ou non consolidados abastecen as necesidades dunha produción nun principio autárquica. O sistema utilizado para a obtención das pebidas áureas nos leitos dos ríos é o bateo, trátase dunha actividade estacional, dado que aproveita os momentos de estío cando as augas están ó máis baixo nivel e as correntes se mitigan, consistente en remove-la area do leito ou as beiras dos ríos e cunha batea vaise eliminando o estéril coa auga mediante movementos circulares quedando os materiais más grosos e pesados entre os que están as partículas de ouro. As pebidas obtidas mediante o mencionado sistema son visibles e identificadas perfectamente a simple vista dado que o ouro é inalterable e conserva o seu brillo e color en tódalas fases do proceso de extracción tanto a nivel artesanal como industrial. Estas características xunto coa súa inalterabilidade ó longo do tempo e a súa ductilidade e maleabilidade fai que sexa un dos metais más cobizados polo home desde sempre.



Perea (1995:71) establece con respecto á tecnoloxía do ouro unha secuencia moi clarificadora dicindo que desde o Calcolítico ó Bronce Medio ou Pleno hai unha fase de preparación e ensaio para a representación do Bronce Final. Durante o Calcolítico escríbese o guión; durante o Bronce Antigo/Medio ensáiase e durante o Bronce Final non só se representa a obra senón que a formación dos actores é de tal altura que se permiten o luxo de improvisar. Desta forma explícase claramente que o verdadeiro apoxeo da ourivería tería lugar no Bronce Final.

Esta autora tamén demostra que nos inicios da metalurxia e ó longo de boa parte da Idade do Bronce se recoñece un só ámbito tecnolóxico na fachada atlántica, só a partir do Bronce Final identificou un proceso de diferenciación tecnolóxica que ten como consecuencia o xurdimento de dous ámbitos diferentes: Sagradas/Berzocana e Villena/Estremera, ó que logo se engadiría o castrexo no noroeste peninsular.

Na península Ibérica as pezas áureas más antigas dátanse no Calcolítico. Os primeiros obxectos áureos son de tipo laminar como os “botóns” ou láminas de revestimento circulares cunha sinxela decoración repuxada de círculos concéntricos procedentes de

Asturias. Estas pezas laminares calcolíticas evolucionarán cara a outras macizas xa na Idade do Bronce como o anel de tiras asturiano do dolmen de Mata'l Casare, Le Cobertoira (Lena-Quirós) datado no Bronce Antigo e relacionado coas gargantillas ou láminas de tiras repuxadas na parte frontal. Entre o Calcolítico e o Bronce Antigo hai unha continuidade técnica e formal.

Ó aborda-lo estudo dos sistemas ou métodos empregados na elaboración do ouro prerromano é necesario diferenciar dentro do seu proceso metalúrxico tres etapas: a preparación da materia prima, a transformación do metal e a decoración das pezas. Polo tanto, distinguiremos técnicas de elaboración ou fabricación, técnicas de decoración e técnicas de acabado.

Unha vez conseguida a materia prima, o ouro, a primeira fase do proceso consiste na preparación do material en bruto a base de fundilo nun crisol a unha temperatura de 1.063°C para homoxeneiza-lo metal e eliminar impurezas, logo vértese nun recipiente cunha forma predeterminada e déixase arrefriar. Esta fusión previa é imprescindible para o tratamento posterior do metal. Despois de separado o metal do recipiente procédese ó martelado. É unha técnica que consiste no golpeo directo do metal que se encontraría apoiado nunha superficie adecuada, cun instrumento tipo martelo ata obte-la forma desexada. Con esta técnica aínda que o traballo se realiza en frío ten que alternarse o recocido para evitar que o ouro se volva quebradizo. Tamén se utiliza o batido, técnica similar ó martelado pero nesta é necesario interpoñer un material flexible entre o material e a ferramenta empregada e consigue láminas finas como as empregadas na fabricación do diadema de Vilavella (As Pontes, A Coruña) ou os fragmentos de láminas e diademas de Cícere (A Coruña).

Os utensilios necesarios para realizar obxectos coas técnicas relacionadas son martelos, bigornia/zafra, pinzas, etc. realizados en pedra ou madeira.

A continuación das técnicas de fabricación mencionadas virán as de decoración. Unha vez conseguido o grosor e forma determinados procédese ó seu cortado no caso das láminas áureas, elaboración de enganches como os furados ou pestanas das gargantillas de Monte dos Mouros (Toques, A Coruña). Para os motivos decorativos usaríanse técnicas de repuxado consistente en realizar motivos cun cicel de punta redondeada para que non corte a lámina ou con punzóns desde o reverso para que saian en relevo polo anverso utilizando sempre un soporte brando. Se a peza é traballada pola parte do anverso sobre un corpo en relevo chamaríase embutido. O puntillado é outra técnica decorativa realizada cun cicel xeralmente tamén desde o reverso da peza conformando diversos motivos a base de puntos en resalte polo anverso como os que aparecen nas gargantillas de Monte dos Mouros.

Despois utilizanse as técnicas de acabado: pulido, limado e brillo a través de productos abrasivos ou por fregado con fibras. O raiado abrasivo dá á superficie das pezas manufacturadas un aspecto mate característico.

Estas primeiras manifestacións ourives utilizan técnicas sinxelas que seguirán usándose ó longo de toda a Idade do Bronce convivindo con outros procesos que aparecen pouco a pouco como a técnica do baleirado en molde² que consiste na introducción de metal líquido nun molde³ univalvo previamente preparado que tras arrefriar se mar-

² As pezas laminares conviven coas macizas realizadas con esta técnica tal como se demostra no depósito portugués de Buraco da Pala (Mirandela, Tras-os-Montes) onde aparecen pezas laminadas e doas áureas macizas nun nivel datado entre o 2800-2500 a.C.

³ Non se conservan moldes de obxectos áureos pero si de pezas de bronce como os moldes bivalvos de alabardas datadas no Bronce Antigo.

telea para darlle a forma definitiva e logo proceder ás técnicas decorativas oportunas. Esta técnica usouse nos aros macizos do depósito de Caldas I e nos dous do Museo Provincial de procedencia lucense indeterminada, ó non posuér decoración nin pulido intencional, en vez de interpretarse como adornos (brazaletes) darémoslle-la categoría de aros posto que as últimas teorías apuntan á súa consideración como lingotes, barras macizas ou pezas semielaboradas listas para poder converterse nos obxectos desexados. En relación con estas pezas fundidas en molde e traballadas mediante martelado directo sobre todo para o caso do depósito de Caldas I, a forma, o tamaño e a distribución do peso indican algúns tipo de sistema de medidas tal como explica Ruíz-Gálvez, tratariase, entón, dun patrón de peso de tipo decimal. Esta interpretación establecería o uso do ouro como medio de pago ou comercio, o que se relaciona co crecente aumento da mercantilización no Bronce Final. En xeral, os sistemas de peso como o do siclo fenicio lévanos a prácticas premonetarias en sociedades con grande actividade comercial.

A produción ourive nestes primeiros momentos ten un repertorio de pezas sínxelo: diademas, gargantillas de tiras, pulseiras, espirais, laminñas/aplique, aros macizos, doas tubulares e macizas, etc. Algunhas destas manufacturas imitan formas elaboradas noutros materiais como a pedra no caso do brazal de arqueiro de Vilanova de Cerveira (Portugal) ou madeira/óso como o peite de Caldas I (Pontevedra). A pesar de que a Idade do Bronce se pode considerar un ámbito tecnolóxico común para toda a fachada atlántica europea, dados os paralelos tipolóxicos existentes entre a producción do noroeste peninsular e o resto da zona xeográfica mencionada, é sobre todo no Bronce Final cando máis se acentúa esta característica.

Imos referirnos agora ás pezas ubicadas no Museo Provincial de Lugo que poden asignarse á Idade do Bronce tanto por técnicas como por formas, aínda que no caso dos brazaletes dada a súa pervivencia temporal ata o castrexo teñan unha adscripción crono-lóxica más dudosa.

O conxunto de dúas **gargantillas de tiras de Monte dos Mouros (Toques, A Coruña)** apareceu asociado a unha pulseira que parece posterior, a denominación de gargantillas como adorno de colo é moi discutida pero tradicionalmente asígnaselles ese nome e para evitar confusións seguirémolo facendo aínda que sería máis apropiado falar de láminas. Trátase de dúas bandas laminiformes de ouro curvadas en forma cilíndrica, coa parte central cortada a base de tiras lonxitudinais e decoradas nos extremos con punzón realizando series de puntos e liñas. Unha das pezas é máis pequena cá outra e os sistemas de enganche tamén son distintos: unha con pestanas e outra con perforacións nos extremos. A uniformidade formal destas pezas vén dada polas tiras cortadas e distribúense por toda a zona atlántica con exemplares similares na Bretaña francesa, Portugal e Galicia cun total de 12 exemplares. Obtéñense por laminado dun núcleo obtido por fusión e posterior martelado e parece unha evolución das primeiras láminas lisas áureas ou dos propios diademas. Encádranse cultural e cronoloxicamente no Bronce Antigo e/ou Medio e en xeral, os seus contextos de aparición son de carácter funerario asociadas a outros obxectos formando conxuntos heteroxéneos.

Cara ó Bronce Final prodúcense unha serie de innovacións técnicas que son unha consecuencia dos cambios socioeconómicos; obsérvase unha progresiva sofisticación tanto técnica como formal e un aumento da producción. Chegan influencias externas que xunto coa experiencia acumulada conforman unha tecnoloxía variada e complexa. Nesta segunda etapa continúan as pezas macizas conseguidas baseándose no emprego de moldes que xa son bivalvos, pero aparecen tamén pezas compostas gracias ó uso da solda-

dura, as alias voluntarias (ouro con cobre sobre todo e en menor medida prata) e documéntase xa o baleirado á cera perdida en brazaletes como os que apuntaremos a continuación.

Uns **brazaletes** especialmente avanzados son os que utilizan a tecnoloxía tipo Villena-Estremoz así denominada por Amrbruster e Perea (1994)⁴ e datada no Bronce Final, como o situado no Museo Provincial de Lugo que parece ter como procedencia un lugar indeterminado **da provincia de Ourense** (Balseiro, 1990). Trátase de brazaletes pechados perfectamente cilíndricos decorados ás veces con molduras de diferentes tamaños e grosores que ocasionalmente presentan incisións ou cortes paralelos; perforacións rectangulares ou ovaladas en series lineais con púas piramidais ou cónicas. Esta tecnoloxía implica o emprego de instrumentos rotativos para a fabricación de moldes en cera e para o acabado da peza metálica. Os brazaletes como o de Ourense foron fundidos á cera perdida cun instrumento rotativo para a fabricación do modelo. O proceso sería o seguinte: tras realiza-lo modelo, un cilindro, en cera de abella endurecida con outra substancia, trabállase con espátulas e ciceis sobre o eixe dun torno horizontal ata formar molduras cilíndricas e paralelas, logo para algúns exemplares realízanse series de púas piramidais ou cónicas e os calados conséguense por corte do molde de cera cunha coitela quente. Unha vez preparado o molde de cera pásase ó seguinte proceso que é a técnica do baleirado á cera perdida cubrindo o modelo de cera con varias capas de arxila, unha vez secas quéntase a arxila e derrétese a cera, no oco deixado pola cera vértese o metal fundido e unha vez frío rómpese o molde e aparece o obxecto desexado.

O emprego do torno para o traballo do metal non se puidera comprobar ata agora (Amrbruster e Perea, 1994:79). A técnica da fundición á cera perdida é unha evolución da fundición con dúas ou máis valvas, permite fundir formas complexas e de paredes finas. Ademais de utilizarse esta técnica nos brazaletes agora estudiados tamén se utilizou nas tres cuncas de ouro do tesouro de Caldas I pero neste caso sen emprego de torno. Os materiais necesarios (Amrbruster e Perea 1994:82) son: cera para os modelos, útiles fabricados en cerámica como o forno, crisois, tobeiras e arxila para os moldes; en bronce, cicel, punzón, puntas ocas, espátulas e leznas; en madeira o torno, o perforador de corda ou arco con broca, quizais en pedra; abrasivos como area, arxila ou cinza e fibras para a súa aplicación. Tras elimina-lo molde de arxila vén a etapa de retocado e acabado que elimina as rebabas de fundición, burbullas, etc. con cicel e utilízanse abrasivos para pulir tanto a superficie externa como a interna que sempre é lisa. Case todos teñen rastros de pulido que proban o seu retoque posterior. O alto valor técnico na elaboración destes brazaletes lévanos a pensar en pezas únicas especialmente valoradas. A tecnoloxía Villena-Estremoz expórtase a toda a península realizándose pezas que só imitan as orixinais como é o caso no noroeste peninsular do brazalete de Urdiñeira (A Gudiña, Ourense) e o melidense (A Coruña) mentres que o de Toén (Ourense) e o de Ourense (provincia) son pezas do tipo Villena-Estremoz, non imitacións ou derivacións do orixinal. Esta corrente de intercambios tecnolóxicos está en relación coa fluidez das vías de comunicación no Bronce Final.

⁴ Ata estos estudos técnicos sempre se falaba do proverbial atraso tecnolóxico do Noroeste peninsular dado que non se constataba o uso da fusión previa nin do baleirado á cera perdida ata datas más posteriores, con estas novas investigacións xa se demostra ó nivel técnico acadado polos ourives do Bronce.

Os dous aros macizos abertos lucenses similares ós de Caldas I poideron non usarse como brazaletes posto que só un deles ten a lixeira intención de formar uns remates abultados de xeito ornamental, namentres que o outro simplemente vai adelgazando os extremos. Habería que considerar que poden ser material semielaborado ou lingotes como xa mencionamos anteriormente.

O **brazalete/pulseira melidense⁵** (A Coruña) é tamén un cilindro pechado con forma ondulada realizado á cera perdida, a forma cos catro gallóns conséguese traballando sobre o molde de cera antes de fundilo. Os bordes están lixeiramente exvasados e non posúe decoración.

O **brazalete/pulseira de Urdiñeira** (Ourense) despois do baleirado á cera perdida decorouse cun punzón. É unha peza cerrada con dez gallóns horizontais sobre os que se realizaron liñas decorativas incisas.

Estas dúas últimas pezas dado o seu escaso diámetro dificilmente poderían utilizarse como brazaletes tal como se denominan xenericamente a non ser por nenos, polo que poderíamos consideralos máis ben como pulseiras. Por outra parte, tecnicamente (están elaboradas á cera perdida) non terían nada que ver coas pezas que as acompañaban no seu casual achado que son un botón circular de bronce e un **brazalete laminar** no caso da de Urdiñeira. Este último posúe un sistema de peche idéntico á gargantilla de Monte dos Mouros con dous furados en cada extremo para insertar algúns cordóns. A continuación, leva unha composición decorativa complexa de tipo xeométrico: liñas quebradas, raias e liñas rectas.

Segundo cos **brazaletes** do Bronce Final tamén se conservan no M.P.L. dous gallonados **de Moimenta** (A Estrada, Pontevedra) formados a partir dunha lámina de ouro aberta cunha solución decorativa orixinal nos extremos a base de remata-los gallóns en molduras verticais paralelas nos extremos.

Doas de Chaos de Barbanza (Boiro, A Coruña); é un conxunto de nove doas bitroncocónicas macizas de diferentes tamaños, con perforación central e marcada carena. Actualmente están inseridas nun arame de ouro, que ó parecer, non pertence ó achado orixinal. Ata agora consideradas como castrexas, recentemente foi reordenada a súa cronoloxía (Almeida et alii, 1994) sobre todo en relación ó seu gran paralelismo coas doas macizas de ouro procedentes do depósito portugués de Buraco da Pala (Miranda) realizadas mediante fundición e datadas por C14 a mediados do IIIº milenio a.C. Estas pezas enlazaríanse con outros adornos similares en materiais non metálicos (p. ex.: as doas de pedra, sobre todo acibeche, e óso) sendo logo traducidas ó metal e dados estes paralelos antigos establecese unha datación do Bronce en relación coa tradición calcolítica das doas portuguesas devanditas.

Fóra das pezas do M.P.L. ó estudia-los achados áureos da Idade do Bronce é necesario conceder unha atención especial ó singular tesouro das Silgadas (Caldas de Reis, Pontevedra) ou Caldas I, trátase dun depósito datado por Ruíz-Gálvez nunha fase final do Bronce Antigo durante a transición do terceiro ó segundo milenio a.C. aínda que outras interpretacións o sitúan más cara ó Bronce Final. É considerado o máis importante non só en toda a península Ibérica senón en toda a Europa occidental ata o momento debido en parte ó seu peso que representa cinco veces máis o total recuperado para

⁵ A procedencia deste brazalete ou pulseira aínda que de Terra de Melide a súa orixe é San Martiño de Oleiros, concello de Toques (A Coruña).

este período en todo o NO peninsular, (actualmente ten 14.900 gr de peso pero poderí-anse ter perdido outros 13.750 gr) (Comendador Rei, 1998:65). Estas pezas demostran que se traballaban coetaneamente técnicas de batido e martelado para pezas laminares, fundición en molde de dúas ou máis valvas e á cera perdida para os vasos.

Con respecto ós motivos decorativos nesta etapa predominan os xeométricos seriados, haberá que esperar á Idade do Ferro para a aparición de figuracións esquemáticas como os ornitomorfos, ou motivos como rosetas, trísceles, etc. Na Idade do Bronce xógase coas series de puntos, liñas, triángulos, liñas quebradas, círculos, etc. realizadas por incisión e repuxado en pezas macizas e en láminas, puntillado en relevo e en oco...

A penas quedan restos no rexistro arqueolóxico de talleres estables no noroeste peninsular onde o ourive do Bronce realizara o seu traballo, más ben constátase a ausencia dunha especialización e os metalúrxicos traballarían en xeral tódolos metais entre os que se encontra o ouro. Tamén se presentou a teoría do ourive ambulante pero nesta etapa non parece plausible. Reboreda (2000) considera que se as pezas se consideran obxectos de luxo, prestixio ou ceremonia, parece lóxico pensar que a figura do artesán tivo un valor cotizable e se a súa actividade se desenvolve a tempo completo a súa manutención dependería do resto da poboación e traballando ás ordes da persoa ou sector dirixente que era o que disporía da produción.

Concluíndo e recapitulando o exposto rematamos lembrando que o conxunto de procedementos utilizados para fabricar unha peza vai evolucionando gracias á experiencia acumulada, polo tanto fixemos unha visión diacrónica da ourivería; desta forma na evolución da tecnoloxía do ouro aparece unha primeira etapa na que os procedementos técnicos máis utilizados son a fusión, batido, martelado/forxado e recocido xunto co baleirado en molde e logo á cera perdida. Para a elaboración das pezas da Idade do Bronce necesitan destes procesos de execución e fabricación, posteriormente engadirí-anse técnicas de decoración superficiais como a incisión ou o repuxado, e de acabado final.

Na Idade do Bronce os productos ourives son nunha primeira etapa preferentemente obxectos laminares e macizos, producíndose o verdadeiro despegue tecnolóxico ó longo do Bronce Final, ó mesmo tempo que se producen unha serie de variables sociais entre as que se sitúa a organización e coordinación da produción dado o carácter socio-económico que posuirán as súas pezas.

Coa chegada dos colonizadores mediterráneos ó sur da nosa península (s. VIII a.C.) prodúcese un cambio na tecnoloxía do ouro, posto que aparecen innovacións técnicas, formais e decorativas que conformarán ámbitos tecnolóxicos diferenciados dando lugar para o noroeste peninsular á ourivería castrexa que xa será o tema do próximo conferenciente.

3.-OURIVERÍA: CONTEXTUALIZACIÓN E SIGNIFICADO

Con respecto á contextualización das pezas áureas recordemos que a ourivería más antiga coñecida en Europa datada a finais do V milenio a.C. na zona balcánica (Varna, Bulgaria), xa estaba asociada a sepulturas formando, xunto con outras pezas,

enxovais funerarios. Na fachada atlántica, sen embargo, hai que esperar ó terceiro milenio a.C. para encontrar enterramentos individuais ou tumbas megalíticas. Estes contextos relacionan o ouro cunha elite privilexiada e esta cunha complexidade social e espiritual xa relacionada e expresada fundamentalmente pola importancia concedida á morte e a determinados mortos.

Xa no noroeste peninsular e con relación ás pezas áureas adscritas á Idade do Bronce observamos unhas pautas características que á súa vez nos achegarán ó seu significado. Obxectos metálicos e áureos aparecen depositados en forma de enxovais funerarios en enterramentos ou sepulcros individuais⁶ en forma de grandes cistas de pedra, xunto a xoias aparecen armas o que reforza o carácter individualizador do enterramento e do personaxe alí depositado. Constátase, polo tanto, unha diferenciación social que ten como elemento distintivo, entre outros, o ouro. Polo tanto, durante a Idade do Bronce (1700-750 a.C.) o ouro ten dous contextos de abandono fundamentais:

1. en ámbitos funerarios: tumbas, formando parte de enxovais que non se recuperan posto que se retiran da circulación. É o *ouro dos mortos*.
2. depósitos ou ocultamentos intencionados cunha finalidade votiva: o *ouro dos deuses* ou tamén de marcación territorial, control oferta/demanda: *ouro dos vivos*

En ambos contextos renúnciase intencionadamente a uns obxectos valiosos e de gran simbolismo social e económico. En determinados momentos conviven as dúas contextualizacións pero a segunda aparece con máis frecuencia cara a finais da Idade do Bronce. Así mesmo, o que ambos contextos deposicionais reflecten é unha sociedade xerarquizada que controla os seus recursos ben amortizándoos en tumbas ben ocultándoos intencionadamente (a acumulación de pezas metálicas como forma de control). A ausencia de rastros de uso nas pezas escollidas para a ofrenda confirma que non foron utilizadas sendo o seu destino a mencionada amortización. A ocultación de semellantes depósitos de gran valor socioeconómico pode interpretarse como un acto simbólico/ritual que serve para reclama-los dereitos de control sobre un paso estratéxico en relación coa demarcación cultural do territorio (Comendador, 1998:68)

Tamén poderíamos diferenciar dous tipos de achados áureos na Idade do Bronce: os que aparecen en rexistros arqueolóxicos definidos como tumbas e os descontextualizados, áinda que estes *per se* tamén poidan responder a un patrón deposicional definido se se explican como depósitos simbólicos ou votivos. Neste último caso tratariase dun atesouramento de obxectos valiosos que ou ben desexan poñerse fóra de circulación ou ocultarse. En definitiva, a aparición de depósitos é unha da formas de achados características da Idade do Bronce.

A función do ouro na Idade do Bronce é de carácter ritual ou votivo mentres que acercándonos á Idade do Ferro e durante o seu desenvolvemento o seu carácter será máis socioeconómico. A pesar destes pequenos cambios de valores en xeral a ourivería das sociedades premonetais ten sempre un significado social.

⁶ Estes ritos funerarios caracterizados polo enterramento individualizado xa se constatan no Calcolítico e demostra unha incipiente complexidade social con concentracións de poder en determinadas persoas.

Concepto de adorno

Tanto o ouro como a prata a maior parte das veces aparecen traballados en forma de adornos tratándose basicamente de pezas laminares como diademas (Quinta da Auga Branca, Vila Nova de Cerveira, Viana do Castelo), cilindros de ouro como o do enxoval da cista de Atios (Porriño, Pontevedra), pezas macizas como os aros/brazaletes de Caldas,etc. Os adornos tiveron, e teñen, un simbolismo específico. Castro Pérez (2001:337) di que “unha serie de obxectos reúnen certas cualidades especiais: serven para distinguir, simbolizar, lucir, abraiar ou transmitir; son como unidades mínimas de valor supremo, case sempre son de ouro. Algúns dos signos para cingui-lo corpo puideron ter un significado orixinario que logo se foi diluíndo. Aínda que, en realidade, a súa inclusión en rituais os dote dunha continuidade aparente e dunha calidade metonímica intensa”.

O adorno ten, entonces, a primeira función de embelecer ou engalanar pero asociado ó individuo tamén identifica un status social tanto nas sociedades antigas como nas actuais e se o adorno é unha xoia forma parte dunha linguaxe visual cun simbolismo que se relaciona co prestixio social. Os adornos hai que entendelos non só como ítems de prestixio senón como parte dun código de comunicación que os converte en expresións mudas entendibles só por aqueles que comparten o mesmo idioma (Casal e Bóveda, 1996). Para as sociedades ágrafas o adorno funciona como unha linguaxe visual e un elemento de categorización social (Ruiz-Gálvez, 1989).

Ademais deste valor de adorno, constatado xa dende o Paleolítico, existen outros asociados ós enxovais do mundo dos mortos e ós depósitos votivos áinda que estes teñan principalmente bronce en forma de armas e o seu abandono en correntes fluviais ten un significado sagrado. Os achados de depósitos, tesouros e obxectos illados reflicten unha forma de marcar culturalmente un territorio propio de grupos humanos en crecente proceso de territorialización (Ruiz-Gálvez, 1995:32). A mesma autora tamén observa que a práctica de converte-los excedentes agrarios en riqueza non perecedoira, acumulable e reconvertible en bens de primeira necesidade cando se precisa é propio de sociedades con tecnoloxía agraria desenvolta susceptible de xerar un gran volume de excedentes. De aí que á ourivería se lle asigne ademais dun valor de uso outro valor de cambio.

A escaseza está directamente relacionada co valor socioeconómico de forma que os obxectos áureos ó ser abandonados en sepulturas producen unha amortización ritual.

O predominio das pezas de gran peso e macizas en torno ó Bronce Final e ó comezo da Idade do Ferro no ámbito cultural e xeográfico do noroeste peninsular responde no só á maior disponibilidade de materia prima senón a motivos socioeconómicos; o ouro pasa a converterse nunha forma de ostentación de riqueza e poder entre os vivos e xa non se amortizará en tumbas ou depósitos senón que son claros símbolos que denotan e exhiben o poderío da persoa ou comunidade que o posúe: **bens de prestixio**.

Xa mencionámo-la posibilidade de tratar algunas pezas áureas como os aros macizos de Caldas I e do Museo Provincial non como adornos/brazaletes senón como material en bruto: lingotes, simples variñas dobradas en forma de aro. As pezas que non foran pulidas ou decoradas e presenten o aspecto de acabadas de saír do molde avalan a teoría de material en bruto e/ou semielaborado listo para ser almacenado, transportado ou utilizado. Se ademais se establece que existen uns patróns similares de peso pode engadirse un xa descrito, valor comercial ou de intercambio.


CONTEXTOS DE ABANDONO	1.- AMBITOS FUNERARIOS: OURO DOS MORTOS
	2.- DEPÓSITOS E/OU OCULTACIÓNIS INTENCIONADAS: OURO DOS DEUSES E OURO DOS VIVOS

SIGNIFICADO	SOCIAL: símbolo de prestixio CULTURAL: símbolo sagrado: obxectos de ceremonias ECONÓMICO: símbolo de poder, riqueza e/ou control
--------------------	---


FUNCIONES DAS XOIAS PRERROMANAS:	
ÍTEMES DE PRESTIXIO	 <ul style="list-style-type: none"> - OFRENDAIS RITUAIAS - ORNATO / ADORNO - ACUMULACIÓN DE RIQUEZA - EXHIBICIÓN DE PODER - INDICADORES DE XERARQUÍA

Concluimos sinalando a grande importancia da colección de ourivería antiga do M.P.L. da que agora só escollimos para a súa análise as pezas da Idade do Bronce, e que merece a pena visitar en calquera momento posto que se expoñen as pezas orixinais, non copias, tal como as viron os nosos antergos.


FOTOS MUSEO PROVINCIAL DE LUGO




1. Gargantillas de tiras de Monte dos Mouros. San Martiño de Oleiros. (Toques, A Coruña).



2. Detalle do peche.



3. Detalle do peche




4. Pulseira de Monte dos Mouros, San Martiño de Oleiros. (Toques, A Coruña).



5. Brazalete da provincia de Ourense



6. Aros lucenses.




7. Brazalete / pulseira melidense. (San Martiño de Oleiros, Toques, A Coruña).




8. Brazalete / pulseira de Urdiñeira (Parada da Serra, A Gudiña, Ourense).



9. Brazalete de Urdiñeira (Parada da Serra, A Gudiña, Ourense).



10. Brazaletes de Moimenta. Coto dos Castros, Arnois (A Estrada, Pontevedra).



11. Doas de Chaos de Barbanza (Boiro, A Coruña).

BIBLIOGRAFÍA

- ALMEIDA BAUTISTA, M. BÓVEDA FERNÁNDEZ, M (1994); *Volver a empezar: as contas do Barbanza.* VI Congreso Galaico - Minhoto Braga.
- ALMEIDA, M. BÓVEDA, M & VILASECO, I (1994); *Galicia different Place: Da cronoloxía do ouro precastrexo e outros tópicos* Historia Nova. Contribución dos xoves historiadores de Galicia III p.p. 25-33 Santiago.
- AMBRUSTER, B. & PEREA, A. (1994); *Tecnología de instrumentos rotativos durante el Bronce Final Atlántico. El depósito de Villena* Trabajos de Preshistoria nº 51 (2) p.p. 69-87
- BALSEIRO GARCÍA, A. (1990) *El oro prerromano en la provincia de Lugo* Diputación Provincial de Lugo
- Ídem (1999) *Problemática del estudio de la orfebrería prehistórica del Noroeste peninsular.* Actas del II Congreso de Arqueología peninsular III p.p. 19-23
- CASAL GARCÍA, R. & BÓVEDA, M.; (1996); *Algunhas cousas sobre ourivería galega* Humanitas. Estudos en homenaxe ó Prof. Dr. Carlos Alonso del Real p.p. 241-256.
- CASTRO PÉREZ, L. (2001); *Sondeos en la arqueología de la religión en Galicia y norte de Portugal: Trocado de Bande y el culto jacobeo* Univ. de Vigo.
- COMENDADOR REY, B. (1998); *Los inicios dela metalurgia en el Noroeste de la península Ibérica.* Brigantium vol 11. A Coruña
- DONATO CASTRO, X.M. & COMENDADOR REY, B. (1998); *El Tesoro desencantado. As Sílgadas (Caldas de Reis).* Caldas de Reis Pontevedra.
- HERNANDO, A. (1983) *La orfebrería durante el Calcolítico y Bronce Antiguo en la península Ibérica* Trabajos de Prehistoria, 40 p.p. 85-138
- MONTEAGUDO, L. (1953) *Orfebrería del Noroeste hispánico en la Edad del Bronce* Archivo Español de Arqueología, 26 p.p. 269-312
- PEREA CAVEDA, A. (1991); *Orfebrería prerromana. Arqueología del oro.* Madrid.
- PEREA CAVEDA, A. (1995); *La metalurgia del oro en la fachada atlántica peninsular durante el Bronce Final; interacciones tecnológicas in Ritos de paso y puntos de paso. La Ría de Huelva en el mundo del Bronce Final europeo.* P.p. 69-78.
- REBOREDO CANOSA, N. (2000) *Evolución tecnológica de la metalurgia del oro, desde el Calcolítico a la Edad del Hierro* Gallaecia, 19 p.p. 73-91
- RUÍZ-GÁLVEZ PRIEGO, M. (1978); *El Tesoro de Caldas de Reyes (Pontevedra).* Trabajos de Prehistoria, nº 35 p.p. 173-196
- Ídem (1979); *Breve esquema para la revisión cronológica del tesoro de Caldas de Reyes* Actas XV Congreso Nacional de Arqueología. P.p. 573-580
- Ídem (1992); *La novia vendida. Orfebrería, herencia y agricultura en la protohistoria* Spal nº 1 p.p. 219-251
- Ídem (Editora) (1995); *Ritos de paso y puntos de paso. La ría de Huelva en el mundo del Bronce Final europeo.* Univ. Complutense. Madrid
- VV.AA. (1989). *El oro en la España prerromana.* Revista de Arqueología nº monográfico, 3.
- VV.AA. (1996) *El oro y la orfebrería prehistórica de Galicia* Diputación Provincial de Lugo.